

MAREMAGNUM

publicación galega sobre os trastornos do espectro do autismo

CG nº 15 - 2011

REPENSAR O AUTISMO



REPENSAR O AUTISMO

AUTISMO GALICIA

En galego, en todas as direccións



XUNTA
DE GALICIA

MAREMAGNUM

 AUTISMO GALICIA

Nº 15. Ano 2011

Número Ordinario
galego/castelán

Director

Cipriano Luís Jiménez Casas
ciprianoluis@menela.org

Consello de Redacción

Ana Martínez Díez

Enma Cuesta Fernández

Susana Rodríguez Blanco

Estrela Vázquez Allegue

Cipriano Luís Jiménez Casas

Corrección Lingüística

Secretaría Xeral de Política Lingüística e

Felicia Estévez Salazar

Ilustración portada

Manuel R. Moldes

Edita

AUTISMO GALICIA

Rúa Home Santo de Bonaval, 74 baixo

15703 Santiago de Compostela

Tfno. 34 981 589365

Fax 34 981 589344

E-mail: info@autismogalicia.org

www.autismogalicia.org

I.S.S.N. 1698-5966

Dep. Legal: 378-1997

Impresión

Difux, S.L.

Sumario

7

Editorial

REPENSAR O AUTISMO

13

XENÉTICA DOS TRASTORNOS DO ESPECTRO DO AUTISMO

Ángel Carracedo Álvarez

27

AUTISMO E INTERVENCIÓN: QUE SABEMOS?

Giacomo Vivanti

53

PROGRAMA PARA A ATENCIÓN MÉDICA INTEGRAL AOS
TRASTORNOS DO ESPECTRO DO AUTISMO: PROGRAMA AMI-TEA

Leticia Boada Muñoz

67

PLANIFICAR A ATENCIÓN DAS PERSOAS MAIORES CON
DISCAPACIDADE (AUTISMO) E DEPENDENCIA

Patricia Olveira Timiraos

79

CREANDO LUGARES PARA VIVIR

Pura Díaz-Veiga

87

TENDENDO PONTES

Antuña Dominguez, Iria; González Arias, Victoria; Lago Cabaleiro, Amanda; Maquieira Prieto, Amparo; Martín Lorenzo, Lourdes; Martínez Iglesias, Pedro; Meijide Rico, Berta; Paz Jiménez, M^a Antonia; Rodríguez Blanco, Susana; Rodríguez Casal, Bibiana; Rodríguez Díaz, Ana

101

AUTISMO E DEREITOS

José Antonio Seoane Rodriguez

115

O ESTIGMA NA DISCAPACIDADE: REFLEXO E EVOLUCIÓN NA LITERATURA E NA PUBLICIDADE

Alicia Díaz Balado

123

O SUFRIMENTO DOS NENOS, O MAL E DEUS

Andrés Torres Queiruga

129

MANUEL ANTONIO, ENFERMO DE HORIZONTES

Xosé Luis Axeitos Agrelo

PLANIFICAR A ATENCIÓN DAS PERSOAS MAIORES CON DISCAPACIDADE (AUTISMO) E DEPENDENCIA

Patricia Olveira Timiraos¹

SDX de Autorización e Inspección. Xunta de Galicia

RESUMO

O avellentamento das persoas con trastornos do espectro autista xera necesidades de atención descoñecidas para as entidades especializadas no ámbito da discapacidade e novas demandas de servizos e de recursos cara a unha administración que ten o reto de deseñar políticas de promoción da autonomía e de atención á dependencia nun marco de ríspeto coa planificación dos apoios centrados na persoa e nun entorno de recursos limitados.

1 Licenciada en Dereito pola Universidade da Coruña. Licenciada en Ciencias Políticas e da Administración (U.N.E.D). Diploma de directivo da Xunta de Galicia. Funcionaria do Corpo Superior da Administración Xeral da Xunta de Galicia e funcionaria do mesmo Corpo Superior, da Junta de Andalucía, actualmente en situación de servizos en outras administracións. Cursos: Técnico superior en prevención de riscos laborais; Políticas das Comunidades Europeas e Institucións do Dereito Comunitario da Cátedra Jean Monet.

Formación especializada; habilidades directivas en servizos sociais; dirección de centros de atención a persoas en situación de dependencia; inspección de servizos sociais; prevención de riscos e emerxencias en servizos sociais; servizos sociais de atención primaria e especializada; guía de boas prácticas na intervención con persoas maiores en centros xerontolóxicos; protección de datos de carácter persoal; menores e a súa problemática actual; técnicas de xerencias a través de Internet; sistema EFQM; aspectos xerais e técnicos na xestión de centros para persoas maiores, persoas con discapacidade e colectivos de inclusión social; Lei de dependencia e a súa aplicación; potestade de sancións da administración; necesidade de protección ante os malos tratos a persoas maiores e necesidade de protección dos discapacitados. Desempeñou postos de dirección na administración da Comunidade Autónoma de Madrid e na Junta de Andalucía (1999-2003).


Inspectora de Servizos Sociais nas Consellerías de Sanidade e Asuntos Sociais, e Familia, Xuventude, Deporte e Voluntariado (2003-2006). Servizo de Inspección de Maiores e Persoas con Discapacidade. Vicepresidencia da Igualdade e Benestar (2006-2007). Desde 2007 é responsable da Subdirección Xeral de Autorización e Inspección de Servizos Sociais da Consellería de Traballo e Benestar

I. Introducción. Datos de referencia

Non hai estudos sobre a prevalencia no autismo en España pero extrapolando os datos extraídos en EEUU á poboación española poderíase estimar entre as 250.000 e as 300.000 persoas e aféctalle a 1 por cada 166 nacementos.

A distribución por discapacidades en Galicia, en función do tipo de discapacidade prevalente, amosa que un 8 % do total son persoas con discapacidade intelectual


GRÁFICO 6: DISTRIBUCIÓN PORCENTUAL DE DISCAPACIDADES POR GRANDES TIPOLOXÍAS



Fonte: datos do Censo de persoas con discapacidade de Galicia.

A incidencia por sexo e idade das diferentes tipoloxías de discapacidade mostra apreciables diferenzas como se pode observar no gráfico 8.

GRÁFICO 8: POBOACIÓN POR TIPOLOXÍA DE DISCAPACIDADE SEGUNDO A IDADE E SEXO



Fonte: datos do Censo de persoas con discapacidade de Galicia

Mentres que a discapacidade física e sensorial mostran un perfil similar, con maior peso das idades avanzadas tanto para homes como para mulleres, no caso da discapacidade intelectual a estrutura é case a oposta, con pouco peso das idades avanzadas e maior peso relativo das idades centrais.

En Galicia, no caso da discapacidade intelectual, tamén se pode comprobar que as persoas afectadas teñen unha esperanza de vida mais curta que no resto das persoas con discapacidade e que a poboación en xeral. Destes datos podemos extraer ademais que o proceso de avellentamento comeza arredor dos

45 anos nos homes con discapacidade intelectual e un pouco máis tarde nas mulleres.

II. Situación actual

Malia que un dos obxectivos fundamentais da política social é procurar unha atención integral para as persoas con discapacidade no seu contorno natural, no contexto actual o número de persoas con discapacidade que realmente poden conseguir unha vida independente non é moi elevado.

No mellor dos casos acadamos combinar a convivencia coa súa familia no seu contorno, coa asistencia a centros de atención diúrna nos que se traballa o seu desenvolvemento persoal. Non obstante, cando esta alternativa non é viable, por ausencia de recursos ou habilidades insuficientes na persoa discapacitada, entra en xogo a institucionalización en centros públicos ou privados.

Actualmente a rede de centros en Galicia de atención á discapacidade está constituído, seguindo o modelo asistencial definido no Estatuto básico de centros de Servizos Sociais aprobado pola Orde do 18 de agosto de 2000, por 120 centros con 4.662 prazas distribuídas entre centros residenciais e centros de día tanto de carácter ocupacional como asistencial, das que 4.141 (88,82%) están concertadas ou conveniadas pola administración coas entidades de iniciativa social do ámbito da discapacidade.

Con este sistema respóndese ás necesidades das persoas cunha discapacidade moderada (grao de discapacidade igual ou superior ao 33 % sen necesidade de axuda de 3ª persoa), a través dunha formación de carácter ocupacional que favoreza a súa integración sociolaboral, e das persoas dependentes cun maior grao de discapacidade (grao de discapacidade igual ou superior ao 75% e necesidade de axuda de 3ª persoa), a través dunha atención de carácter máis rehabilitador.

Non obstante, a urxente necesidade de contar con recursos especializados que traten ás persoas en función do seu tipo de discapacidade, levou ás entidades privadas do ámbito da discapacidade a crear centros e recursos específicos, malia que, polo momento, carecen dun recoñecemento legal diferenciado.

No que respecta aos recursos especializados nos Trastornos do Espectro do Autismo, actualmente contamos con 17 centros, todos eles da titularidade de entidades de iniciativa social (fundacións e asociacións) que no seu conxunto ofrecen un total de 152 prazas residenciais e 235 de atención diurna das que o 55% están concertadas coa Xunta de Galicia. Ademais en 13 delas esta concertado o servizo de respiro familiar.

III. Planificando o futuro

Tal e como vimos, actualmente os servizos e os centros de atención á discapacidade en xeral, están pouco desenvolvidos na lexislación da Comunidade autónoma e o modelo definido quedou obsoleto e resulta totalmente insuficiente, por iso o Plan de acción integral para as persoas con discapacidade 2010-2013 pretende definir as estratexias das políticas públicas a seguir a medio prazo, fixando obxectivos que significarán un punto de inflexión a este respecto en relación coa situación anterior.

Do plan destacaremos dúas liñas estratéxicas que deixan intuír o camiño da atención á discapacidade nos próximos anos.

1) Na área de promoción da autonomía destacan, neste senso, aquelas accións que buscan acadar a autonomía para as persoas con discapacidade e asegurar a súa plena inclusión na vida comunitaria, facilitarlles o acceso á vivenda e potenciar os recursos que lles permitan permanecer no seu contorno.

Na nosa cultura asistencial persiste unha tendencia excesiva a suplir a persoa dependente en vez de buscara mellor forma de complementar as súas capacidades naquela xusta medida como para facela independente e autónoma. Atopar o complemento axeitado a todas as dimensións e capacidades da persoa, na liña apuntada pola Convención, é o único resorte que potencia o mantemento da súa autonomía e da súa calidade de vida.

Se sé parte desta premisa, podemos chegar a concluír que o volume e a intensidade de servizos e prestacións de atención á dependencia que necesita unha sociedade determinada, son unha consecuencia directa daquelas políticas desenvolvidas previamente en relación coa promoción da autonomía.

Por esta razón, debemos facer fincapé no feito de que as políticas de promoción da autonomía deben desenvolverse necesariamente, senón antes, polo menos, en paralelo ás de atención á dependencia, xa que de non facelo así, corremos o risco de xerar anticipadamente situacións de dependencia en vez de previlas.

Faise prioritario, entón, potenciar os servizos de proximidade en coordinación cos servizos sociais de base. A permanencia das persoas dependentes no seu fogar soamente é posible de acadar un sistema de desenvolvemento óptimo dos programas que favorezan a intervención coa persoa con discapacidade no seu contorno habitual persoal (programas de atención ambulatoria, titorías, escolas de pais e nais etc.).

Para estes efectos, considérase prioritario, procurar unha maior cobertura do programa de axuda no fogar para as persoas con discapacidade e unha especialización do seu persoal, complementándoo con outros servizos de proximidade de promoción e prevención da dependencia.

2) No eido dos recursos sociais procurase a mellora do conxunto de intervencións, programas, servizos e prestacións para as persoas con discapacidade e as súas familias sen esquecer a necesaria coordinación coa perspectiva socio sanitaria de cara a acadar a accesibilidade das persoas con discapacidade aos servizos sanitarios desde unha perspectiva de atención integral

Neste aspecto considéranse dous obxectivos fundamentalmente;

a) Desenvolver a normativa relativa a intervencións, programas, servizos e prestacións no ámbito da discapacidade, deseñando procesos que garantan unha intervención efectiva centrada na persoa (PCP) e na atención á diversidade

Para chegar a elo, é preciso instrumentalizar os criterios de calidade e definir as condicións que garanten unha intervención efectiva e especializada centrada na persoa. É preciso definir o tipo de servizos máis axeitados a cada persoa en función do seu grao de dependencia e discapacidade, a intensidade das prestacións, a complementariedade con outros servizos de saúde ou educación, a determinación das ratios de atención recomendada, os perfís profesionais que debe intervir e a determinación das necesidades de formación especializada. Cómpre, ademais, ter en conta a capacidade da autodeterminación da persoa para decidir sobre o seu plan individual de atención e prever a participación da familia no seu desenvolvemento como complemento indispensable e cualificado para acadar os obxectivos que se pretendan.

Polo tanto, como paso previo e importante definir carteiras de servizos de atención en función das necesidades obxectivas das persoas con discapacidade en función do seu tipo de discapacidade. No proxecto de Carteira de servizos de atención a persoas con dependencia que se esta a elaborar dende a Administración autonómica, recoñécese a necesaria especialización da atención a persoas con trastorno autista recollendo unha carteira diferenciada para este colectivo nas modalidades de atención diúrna e residencial. Contéplase, ademais, daqueles supostos nos que a atención debe ser predominantemente terapéutica, aqueles outros onde pode complementarse esta atención cun servizo de carácter ocupacional.

Ademais destes servizos que integran o modelo de atención residencial, cómpre ter e conta todos os servizos de promoción da autonomía e prevención á dependencia e especialmente aqueles referidos a atención temperá, o respiro familiar nas súas diversas modalidades ou ao servizo de apoio á vida independente, que tamén teñen a súa definición e encaixe concreto neste proxecto.

b) Ampliar e consolidar a rede de recursos sociais para as persoas con discapacidade.

No que respecta a atención especializada, é preciso poñer en marcha novos centros de atención especializados e especializar unidades nos centros de servizos sociais preexistentes incidindo na necesaria formación dos e das profesionais que neles traballan, para que poidan adaptarse ás necesidades individuais e traballar nos obxectivos fixados no Plan individual de cada persoa.

Non obstante, malia que a definición dos contidos, ratios de persoal e intensidades da atención especializada a persoas con discapacidade é un aspecto imprescindible de cara ao avance da calidade na atención ás persoas en situación de dependencia, cómpre ter en conta que todos estes servizos deben ser sensibles ás necesidades daquelas persoas co trastorno autista que acadan a idade adulta e comezan a experimentar problemas derivados do proceso de envellecemento que na maioría dos casos, xurde precozmente en torno aos 45 ou 50 anos.

IV. Autismo e avellentamento

Existe acordo cando dixese que as persoas con autismo non envellecen de forma distinta ás demais, non obstante, si sofren as súas consecuencias de distinto xeito. Estímase que nun 75% dos casos se produce un agravamento dos trastornos físicos e neurocognitivos que xa tiñan e ademais aparecen outros trastornos físicos e mentais derivados da propia fragilidade do suxeito. Isto sucede con especial prevaenza nas persoas con discapacidade intelectual moderada ou severa, que necesitan apoios extensos e xeneralizados. En Galicia, segundo datos do censo de discapacidade existen máis de 230 persoas con Trastornos do Espectro do Autismo e un grao de discapacidade superior ao 75%

Por outra banda, hai que ter en conta que nas persoas maiores redúcese significativamente a capacidade de recuperación de calquera problema de saúde, e increméntanse os cadros depresivos. Por esta razón, e moi especialmente no caso das persoas con discapacidade que amosan dificultade para comunicarse, debemos estar alerta ante calquera cambio no seu comportamento, na súa capacidade de razoamento ou na súa emotividade, xa que calquera destas sinais poden ocultar deterioracións físicas ou cognitivas que poden ser tratados a tempo para evitarlle sufrimento ou dor, ou ben, evitando que canalicen estes síntomas como brotes de agresividade ou trastornos do comportamento.

Ás fórmulas de abordaxe desta problemática a nivel de recursos e servizos preséntase complexa, primeiro, porque trátase dunha situación recente que xera necesidades descoñecidas para as entidades prestadoras dos servizos e novas demandas cara a Administración. E segundo, porque as alternativas da que

dispoñemos veñen moi condicionadas polas características socio demográficas de Galicia, oa niveis de renda per cápita, a dispersión poboacional e o propio nivel de desenvolvemento dos equipamentos de servizos sociais.

Non obstante, se entramos a facer unha análise polo miúdo das situacións que poden darse, podemos distinguir os casos nos que xa existía unha institucionalización previa ao chegar á maior idade, daqueles casos onde a persoa acadou unha certa autonomía que lle permitiu vivir de xeito independente, ou ben, que dispuxo dos apoios necesarios para non precisar o ingreso nun centro residencial, pero que co paso dos anos e o aumento da súa dependencia, unido a perda dos apoios familiares, fixo ineludible a súa institucionalización.

No primeiro dos supostos, parece lóxico que a persoa permanezca no centro no que xa estaba residindo, en aras do mantemento do seu *status quo*, a sabendas das consecuencias que poden derivarse da alteración de calquera das rutinas, ambiente e persoas que conforman o seu contorno. Non obstante, o mantemento do status quo non pode realizarse en detrimento da calidade asistencial e por iso se mantén como premisa necesaria para a defensa do mantemento da situación, a avaliación previa e adaptación do seu programa de atención individual a aqueles novos coidados e apoios que precise a persoa como consecuencia dos efectos do avellentamento. Neste sentido, parece lóxico que non sexa a persoa a que se teña que adaptar ao recurso senón o recurso á persoa, e crear unidades de envellecemento nos centros especializados preexistentes onde se poidan ter acceso a estes programas de atención.

No resto dos supostos, cando a necesidade de institucionalización acontece como resultado do proceso de avellentamento, resulta evidente que a integración en centros de atención a persoas maiores de 60 anos, afectadas por diversas patoloxías e síndrome xeriatricas non vai a resultar doada, en tanto que o perfil particular das persoas con discapacidade e Trastornos do Espectro do Autismo ten, como xa analizamos, resgos e características particulares de difícil estandarización, mesmo dentro do colectivo.

Nestes casos, tal e como se recolle no Plan de acción integral para persoas con discapacidade, é preciso habilitar, polo menos nas grandes cidades, unidades especializadas na atención a persoas con autismo nos equipamentos de maiores existentes que ofrezan os servizos propios da carteira especializada destinada a persoas adultas con trastorno autista, co fin de que poidan convivir no mesmo centro cos seus proxenitores maiores, ou simplemente co fin de dispor de recursos suficientes e axeitados para aquelas persoas con autismo que están en situación de dependencia por mor do seu proceso de avellentamento. Como sempre, esta alternativa considerárase en última

instancia, cando os apoios de proximidade non permitan o mantemento das persoas no seu contorno xunto coa súa familia.

En suma, para atender as novas demandas é preciso combinar cuidadosamente dous factores, por unha banda, a filosofía e a ética da atención e a planificación da atención centrada na persoa, e adecuar os recursos e os programas ás súas necesidades e dándolle ocasión de decidir sobre estas cuestións. E por outra banda, xerar unha polivalencia nos recursos e equipamentos existentes, primeiro, porque son limitados e, segundo, porque deben ser optimizados tanto nos servizos que son capaces de despreñar como na xeración do maior impacto posible na calidade da atención ás persoas dependentes. Así, a planificación centrada na persoa (PCP) debe complementarse con centros polivalentes centrados na persoa (CPCP), onde o recurso se adapte ás necesidades e non as necesidades ao recurso.

Non obstante, para chegar a este novo paradigma debe procurarse o desenvolvemento dunha serie de condicións que faciliten a adaptación, como son:

- a) A habilitación e a formación especializada dos cadros de persoal dos centros, no manexo de trastornos de conduta e nos denominados síndrome xeriátricos e nas súas consecuencias
- b) A implicación das xerencias das entidades e das direccións dos centros, para acadar un cambio de cultura nos cadros de persoal e na flexibilización e mellora continua dos procesos de traballo e na organización dos centros
- c) A xeración de canles de información, formación e de traballo en rede, entre entidades públicas e privadas de cara a extender as boas prácticas e lograr mediante a colaboración mutua unha mellor calidade de vida para as persoas discapacitadas en situación de dependencia
- d) Realizar unha clara aposta pola coordinación sociosanitaria e establecer as medidas necesarias para garantir a efectiva coordinación entre a atención social, dispensada en centros residenciais para persoas maiores e/ou con discapacidades e os servizos especializados de carácter sanitario

Para este efecto, sinálanse 3 liñas clave de actuación:

- 1) Dende sanidade debe facilitarse aos profesionais da atención social, un informe onde conste a avaliación inicial da persoa, o plan de medidas técnicas establecido, evolución e calquera outra circunstancia que precise o proceso de atención.
- 2) Ademais, requírese o deseño de programas de formación continua de orientación, complementados cun servizo de asesoramento en liña, co fin de lles facilitar aos profesionais dos centros pautas de actuación

encamiñadas a acadar aptitudes orientadas aos coidados específicos de residentes con trastornos mentais.

- 3) E por último, sería preciso habilitar un programa ambulatorio de interconsulta de psicoxeriatria ou psiquiatria, mediante o desprazamento periódico dos profesionais de sanidade aos centros sociais, a fin de que os usuarios destes non queden excluídos deste tipo de servizos.
- e) A adaptación das estruturas coa finalidade de facilitar o traballo dos profesionais e de xerar contornos seguros para as persoas usuarias.

En cada caso, debe realizarse un estudo detallado das necesidades concretas, sen prexuízo de que se dite unha regulación específica para este tipo de unidades, que garantan en todo caso, o pleno respecto dos dereitos das persoas usuarias.

O deseño debe garantir a seguridade mediante o cumprimento da lexislación vixente, e en especial o CTE (Código técnico de edificación) no que se refire aos documentos básicos de sobre seguridade en caso de incendio (DB-SE) e seguridade de utilización e accesibilidade (DB-SUA). Neste último documento o obxectivo do requisito básico «Seguridade de utilización e accesibilidade» consiste en reducir a límites aceptables o risco de que os usuarios sufran danos inmediatos no uso previsto dos edificios, como consecuencia das características do seu proxecto, construción, uso e/ou mantemento, así como en facilitar o acceso e a utilización non discriminatoria, independente e segura destes ás persoas con discapacidade.

Lembremos que, actualmente o concepto de accesibilidade está a evolucionar cara a outro máis inclusivo, o deseño universal, e que neste sentido, as condicións espaciais e ambientais determinan nunha parte importante, o correcto funcionamento dos equipamentos en xeral, e moi especialmente, daqueles dedicados ás persoas con dependencia.

Non obstante, a urxencia coa que moitas veces se traballa na nova construción de centros, relega a un segundo plano a reflexión nestas cuestións, que tal e como a realidade amosa en non poucas ocasións, deben ser as primeiras e máis prioritarias.

O axeitado estudo e tratamento das condicións espaciais e ambientais das que van dispoñer os equipamentos e os centros para persoas para dependentes, é a día de hoxe, unha materia pendente á que se lle debe dedicarse un esforzo importante con carácter previo á redacción do proxecto de obra. A este respecto, o estudo en equipo e con carácter multidisciplinar dos proxectos de obra dos centros non só asegura o cumprimento de requisitos obrigatorios, senón que

facilitará o traballo que se vai desenvolver neles, ademais de garantir a súa adecuación funcional á poboación residencial que nun futuro pretenda acoller.

V. Conclusión

Sen dúbida, a atención a persoas dependentes é un dos retos fundamentais das políticas públicas de benestar do século XXI ademais dunha responsabilidade civil para a sociedade, e por extensión, para as entidades e institucións públicas e privadas do ámbito social e sanitario.

Os avances neste ámbito deben ser obxectivos compartidos entre actores públicos e privados, polo que é prioritario ampliar e fortalecer os ámbitos de cooperación e complementariedade das súas actuacións co fin de acadar a atención máis axeitada para cada un dos nosos dependentes de hoxe e do futuro.

Bibliografía

Convención dos dereitos das persoas con discapacidade (ONU, R 61/106). Ano 2006

Código técnico da Edificación (CTE) aprobado polo Real Decreto 314/2006, do 17 de marzo, modificado polo Real Decreto 173/2010, de 19 de febreiro, en materia de accesibilidade e non discriminación das persoas con discapacidade.

Lei 51/2003, do 2 de decembro, de igualdade de oportunidades, non discriminación e accesibilidade universal das persoas con discapacidade.

Lei 39/2006 do 14 de decembro, de Promoción da Autonomía Persoal e Atención ás persoas en situación de dependencia.

Orde do 18 de agosto de 2000 pola que se aproba o Estatuto básico de centros de servizos sociais da Comunidade Autónoma de Galicia. (DOG nº 177, do 12 de setembro de 2000).

Plan de acción integral para as persoas con discapacidade 2010-2013. Dirección Xeral de Dependencia e Autonomía Persoal. Consellería de Traballo e Benestar. Xunta de Galicia.

<http://benestar.xunta.es/web/portal/portada-discapacidade>

PLANIFICAR LA ATENCIÓN DE LAS PERSONAS MAYORES CON DISCAPACIDAD (AUTISMO) Y DEPENDENCIA

Patricia Olveira Timiraos¹

SDX de Autorización e Inspección. Xunta de Galicia

RESUMEN

El envejecimiento de las personas con trastornos de espectro autista genera necesidades de atención desconocidas para las entidades especializadas en el ámbito de la discapacidad y nuevas demandas de servicios y de recursos hacia una Administración que tiene el reto de diseñar políticas de promoción de la autonomía y de atención a la dependencia en un marco respetuoso con la planificación de los apoyos centrados en la persona en un entorno de recursos limitados.

1 Licenciada en Derecho por la Universidad de A Coruña. Licenciada en Ciencias Políticas y de la Administración (U.N.E.D). Diploma de directivo de la Xunta de Galicia. Funcionaria del Corpo Superior da Administración Xeral da Xunta de Galicia y funcionaria del mismo Cuerpo Superior, de la Junta de Andalucía, actualmente en situación de servicios en otras administraciones. Cursos: Técnico superior en prevención de riesgos laborales; Políticas de las Comunidades Europeas e Instituciones del Derecho Comunitario de la Cátedra Jean Monet.

Formación especializada; habilidades directivas en servicios sociales; dirección de centros de atención a personas en situación de dependencia; inspección de servicios sociales; prevención de riesgos y emergencias en servicios sociales; servicios sociales de atención primaria y especializada; guía de buenas prácticas en la intervención con personas mayores en centros gerontológico; protección de datos de carácter personal; menores y su problemática actual; técnicas de gerencias a través de Internet; sistema EFQM; aspectos generales y técnicos en la gestión de centros para personas mayores, personas con discapacidad y colectivos de inclusión social; Ley de dependencia y su aplicación; potestad de sanción de la administración; necesidades de protección ante los malos tratos a personas mayores y necesidad de protección de los discapacitados. Desempeño puestos de dirección en la administración de la Comunidad Autónoma de Madrid y en la Junta de Andalucía (1999-2003).


Inspectora de Servicios Sociales en las Consellerías de Sanidade e Asuntos Sociais, e Familia, Xuventude, Deporte e Voluntariado (2003-2006). Servizo de Inspección de Maiores e Persoas con Discapacidade. Vicepresidencia da Igualdade e Benestar (2006-2007). Desde 2007 é responsable da Subdirección Xeral de Autorización e Inspección de Servizos Sociais de la Consellería de Traballo e Benestar.

I. Introducción. Datos de referencia

No hay estudios sobre la prevalencia en el autismo en España pero si se extrapolan los datos extraídos en EUA a la población española se podría estimar entre las 250.000 y las 300.000 personas y afecta a 1 por cada 166 nacimientos.

